



O GROVE • Nº 15 - 3º TRIMESTRE 2009  
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN  
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93  
e-mail: clubbreogan@telefonica.net

**Resumo do  
3º trimestre**

**A "Voda Olímpica"**

**Xadrez**

**Actividades ADM**

**Resultados nacionais e  
internacionais**

**Regatas galegas**

**Mellorando servizos**



R./ País Vasco, 5 - Bajo • 36980 O GROVE (Pontevedra)  
Tef. 986 732 195 - Fax 986 735 027  
E-mail: construcciones@riasbaixasnet.com



# Resumo do terceiro trimestre



Os meses de xullo, agosto e setembro, son moi diferentes para as nosas seccións ou equipos, pois mentras que para o piraguismo son os meses con máis actividade, para o xadrez e a música é a temporada baixa por coincidir coas vacacións escolares.

O máis destacado do xadrez, e da música, neste trimestre é que a finalización do mesmo significa que se incia o curso escolar e, con el as actividades destas dúas seccións de Breogán. As clases de xadrez teñen lugar no colexio

Rosalía de Castro e as de música no local social de Luis A. Mestre.

No piragüismo, como se recolle neste boletín, houbo unha importantísima actividade, xa que nestes meses dispútanse a maior parte das regatas das distintas modalidades e categorías e, xusto co remate do trimestre, prodúcese o remate da temporada piragüística. Neste número do Boletín, recóllense as clasificacións finais, tanto a nivel autonómico, como tamén a nivel nacional.

Tamén se fai mención da importante participación e dos bos resultados que obtiveron os nosos palistas en regatas e campionatos internacionais, formando parte da selección española.

Asimesmo, recóllese a actividade levada adiante en colaboración coa Asociación para o Deporte Meco, o recibimento do Presidente da Xunta de Galicia para cos deportistas galegos de elite ou a voda do noso adestrador, David Mascato, e a continuidade ao fronte do equipo técnico do noso equipo de piragüismo.

# Mascato, con nós un ano máis

De contar con bos adestradores é moi importante nos clubs e nós en Breogán dámoslle unha especial relevancia a este tema. Pero isto pode traer consecuencias non moi desexadas como poidemos padecer noutras ocasións en que nos levaron os adestradores para as federacións, tanto española como galega, sen nin sequera poñerse en contacto con nós.

Nesta ocasión estivo a piques de pasar o mesmo, aínda que o trato recibido foi moi di-

ferente. A valía e preparación de David Mascato como adestrador non a imos a descubrir nós agora; por este motivo a Federación Española de Piragüismo estivo interesada en David para que se fixera cargo do equipo nacional de promesas da canoa, comunicándollo a el e, tamén ao clube.

Despois de falar con uns e con outros, David Mascato decidiu continuar unha temporada máis connosco, decisión da que nos alegamos moito.



## Voda Olímpica

O 26 de setembro produciuse un "gran acontecemento" no mundo do deporte galego. Dous campións, como son David Mascato e Teri Portela, dixeron o "si quiero" ante o sacerdote da parroquia de "San Cipriano", en Aldán (Cangas).

Entre ambos os dous suman un total de cinco participacións en Olimpíadas, David (2) e Teri (3), innumerables títulos en campionatos e internacionais, nacionais, etc... e os que lle quedan, de seguro, por gañar!

Neste día de lelicia estes dous grandes deportistas estiveron acompañados polos seus familiares e amigos, moitos deles do mundo do piragüismo, como non podía ser doutra forma.

Querémoslle enviar a nosa maior felicitación e desexarlles o mellor que a vida lles poida deparar.



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

### Secretaría Xeral para o Deporte



## Concello do Grove

### CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ E EMERXENCIAS, DEPORTES E LIMPEZA





## Ponse en marcha o xadrez

Despois dunha temporada na que se tivo unha importante actividade en xadrez, con case medio cento de licenzas e con dous equipos en competición, co inicio do curso escolar 2009/2010 reini-

ciáronse as clases e prácticas de xadrez.

As clases da Escola de Xadrez, ao igual que o pasado ano, terán lugar no colexio Rosalía de Castro nas tardes dos venres nun horario que vai dende as 17,30 h. ata ás 19 horas.

Heladio Outeiro, como monitor e José Manuel Álvarez como directivo responsable de xadrez serán os encargados de levar adiante estas clases, simultaneando esta responsabilidade coa súa participación como xogadores do primeiro equipo.

A competición galega de xadrez terá comezo no mes de xaneiro, donde Breogán volverá a contar con dous equipos en competición. O primeiro equipo participará un ano máis na Primeira División, co obxectivo de manter a categoría e no que participarán os xogadores habituais do club.

O segundo equipo xogará na Terceira División, e tomarán parte no mesmo xogadores menos habituais e os rapaces da Escola da Xadrez, que tan bos resultados obtiveron na pasada temporada.

As persoas que queiran participar nesta actividade, poden acudir ao local onde se imparten as clases para incorporarse ás mesmas ou recibir a información que precisen.



## Actividades realizadas pola ADM

As actividades da ADM non foron tan amplas, nin tan vistosas como as do pasado ano. No ano 2008 colaboramos, a través da Asociación do Deporte Meco, en numerosas actividades: Día do Deporte, Torneo de Volei-praia, Torneo de Fútbol-praia, etc.

Este ano as cousas foron diferentes e algunhas destas actividades non se realizaron, ademais tivemos moito traballo do que non se ve, reunións, formacións do Consello Local de Deporte, creación dunha comisión de estudo para a creación dunha Fundación Deportiva, etc.

No Consello Local de Deportes, que por fin se puxo a funcionar, a ADM presentou unha candidatura conxunta para os postos de Vicepresidente (Juan Outeda-CR Mecos) e para o de Secretario (Félix Lamas-



CMDC Breogán), proposta que foi aceptada case que por unanimidade.

Tamén colaboramos na celebración da XI Carreira Popular

Festa do Marisco, que cada ano vai a máis. Na foto pódese ver a algúns dos colaboradores da ADM nesta carreira.

## Recibimento do Presidente da Xunta

A finais de setembro o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, recibiu nun sinxelo acto aos deportistas galegos que participaron en Campionatos de Europa e do Mundo. O acto tivo lugar nun hotel de Santia-

go de Compostela, preto da Praza do Obradoiro.

Como non podía ser doutra forma, neste recoñecemento a deportistas galegos de elite non podía faltar unha representación do Breogán. Deste xeito, acudiu a terra santiaguesa nunha expedición

formada polos palistas: Álvaro Bravo, Jacobo Domínguez, Damián Ramos, o adestrador-palista, David Mascato e mailo presidente, Félix Lamas.



Deputación  
Pontevedra



GESTIÓN INTEGRAL  
DE PLAYAS Y LITORAL



# Resultados Internacionais



Un ano máis, o Breogán do Grove tivo unha destacada participación dos seus palistas xa que competiron en regatas e campionatos internacionais formando parte da selección española de piragüismo.

Sete en total foron os palistas do Breogán que tomaron parte en competicións internacionais: Álvaro Bravo, Damián Ramos, Jacobo Domínguez, Rodrigo Germade, Cristian Ribademar, David Mascato e Adrián Domínguez. Estes palistas participaron nas seguintes competicións internacionais: Campionato de Europa Xuvenil e Sub-23, Campionato de Europa de Pista, Xogos do Mediterráneo, Campionato de Europa de Maratón, Campionato do Mundo Xuvenil, Campionato do Mundo de Pista e Campionato do Mundo de Maratón.

## Campionato de Europa Xuvenil e Sub-23 (Poznan-Polonia)

O resultado máis destacado foi o título de CAMPIÓN DE EUROPA que acadou Álvaro Bravo na K-4 500 m. na categoría Sub-23; ademais foi semifinlista coa mesma embarcación na distancia de 1.000 m.

Tamén destacable a MEDALLA DE BRONCE que conseguiu Jacobo Domínguez no C-1 500 m. xuvenil; a distancia longa (1.000 m.) tamén se lle atascou e chegou ata as semifinais.

## Campionato de Europa de Pista (Brandeburgo-Alemania)

Neste campionato estivo presente o canoísta, Damián Ramos, que formou parte do C-4 español de 1.000 e 200 m. obtendo en ambas as dúas distancias a novena posición.



## Xogos do Mediterráneo (Pescara-Italia)

Nesta competición participou Rodrigo Germade que chegou ata a final do K-2 1.000 m., onde acadou a cuarta posición.

## Campionato de Europa de Maratón (Ostroda-Polonia)

Tres foron os palistas do Breogán que acudiron a este campionato. Adrián Domínguez participou no C-1 xuvenil, acadando a sétima posición. Pola súa banda o C-2 senior formado por Cristian Ribademar e David Mascato proclamáronse SUBCAMPIÓNS DE EUROPA

## Campionato do Mundo Xuvenil (Moscú-Rusia)

Jacobo Domínguez foi a nosa representación neste mundial de Moscú, no que participou na categoría C-1 1.000 m., pero quedou na semifinal.

Aínda que por outra parte, nos 500 m. chegou ata a final, pero a mala sorte na saída, onde tivo problemas de suxección, fixo que só acadara o noveno posto, cando se agardaba que conseguira unha mellor posición.

## Campionato do Mundo de Pista (Darmouth-Canada)

Damián Ramos e Álvaro Bravo, volveron a repetir na formación da selección española, neste caso para acudir ao Campionato do Mundo de Pista.

Damián formou parte do C-4 1.000 m. que chegou ata ás semifinais. Pola súa banda, Álvaro tivo unha destacada actuación no K-4 200 m. onde foron a CUARTA POSICIÓN, a poucas décimas das medallas. Cabe aquí falar da importancia deste resultado xa que os 200 m. serán olímpicos nos vindeiros Xogos Olímpicos de Londres 2012.

## Campionato do Mundo de Maratón (Crestuma-Portugal)

David Mascato e Cristian Ribademar proclamáronse SUBCAMPIÓNS DO MUNDO no C-2 senior a pesares de que David remou boa parte da regata cunha



brecha na cabeza, froito dun desafortunado golpe coa pá do seu compañeiro Cristian.





## Resultados nas regatas galegas

Unha vez rematada a competición correspondente ao ano 2009, podemos dicir que a nivel galego tivemos un resultados aceptables, en función do equipo co que contamos e de como afrontamos as distintas competicións.

No cómputo xeral da Liga Galega acabamos o quinto posto final, na Copa Galega de Pista fomos cuartos, na Copa Galega de Infantís fomos quintos, na de Ríos e Travesías acabamos na novena posición. Na Copa Galega de Alevíns e Benxamíns acabamos quintos, o equipo de veteranos acabou cuarto e, en kayak de mar rematamos na novena posición.

No referente a títulos autonómicos nos diferentes campionatos nos que tomamos parte, os resultados máis destacados foron: Terceiro posto no Campionato Galego de Infantís,

Cuarto posto no Campionato Galego de Inverno, Cuarto posto no Campionato Galego de Pista Absoluto ou o Quinto posto do Campionato Galego de Alevíns e Benxamíns. Para obter estes resultados os nosos palis-

tas do primeiro equipo participaron en máis de vinte regatas por toda a xeografía galega, mentras que palistas de promoción (infantil, alevín e benxamíns), acudiron a unha ducia de regatas de carácter autonómico.



## CLASIFICACIÓNS GALEGAS

| XXIII LIGA XUNTA DE GALICIA |                           |      |
|-----------------------------|---------------------------|------|
| 1º                          | Náutico Firrete           | 1014 |
| 2º                          | As Torres de Catoira      | 1008 |
| 3º                          | Piragüismo Illa de Arousa | 995  |
| 4º                          | Kayak Tudense             | 969  |
| 5º                          | <b>Breogán do Grove</b>   | 958  |
| ata 48 clubes               |                           |      |

| II COPA GALEGA DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS |                              |    |
|---------------------------------------|------------------------------|----|
| 1º                                    | Ribeiras do Tambre           | 70 |
| 2º                                    | Escuela Ciudad de Pontevedra | 68 |
| 3º                                    | Ría de Aldán                 | 66 |
| 4º                                    | Piragüismo Verducido         | 65 |
| 5º                                    | <b>Breogán do Grove</b>      | 64 |

| XIV COPA GALEGA DE PISTA |                         |     |
|--------------------------|-------------------------|-----|
| 1º                       | Kayak Tudense           | 350 |
| 2º                       | As Torres de Catoira    | 338 |
| 3º                       | Náutico Firrete         | 328 |
| 4º                       | <b>Breogán do Grove</b> | 958 |

| VIII COPA GALEGA DE VETERANOS |                              |     |
|-------------------------------|------------------------------|-----|
| 1º                            | Altruan de Ribadeo           | 340 |
| 2º                            | Naval de Pontevedra          | 333 |
| 3º                            | Escuela Ciudad de Pontevedra | 323 |
| 4º                            | <b>Breogán do Grove</b>      | 317 |

| XIV COPA GALEGA DE PROMOCION |                           |     |
|------------------------------|---------------------------|-----|
| 1º                           | Náutico Firrete           | 418 |
| 2º                           | Piragüismo Illa de Arousa | 408 |
| 3º                           | As Torres de Catoira      | 391 |
| 4º                           | Unión BRT                 | 388 |
| 5º                           | <b>Breogán do Grove</b>   | 387 |

| X CIRCUITO GALEGO DE KAIK DE MAR |                               |     |
|----------------------------------|-------------------------------|-----|
| 1º                               | Kayak de Vigo                 | 244 |
| 2º                               | Club de Mar Ría de Muros-Noia | 237 |
| 3º                               | Náutico Ría de Pontevedra     | 230 |
| 9º                               | <b>Breogán do Grove</b>       | 145 |

| XIV COPA GALEGOS DE RÍOS E TRAVESÍAS |                           |     |
|--------------------------------------|---------------------------|-----|
| 1º                                   | As Torres de Catoria      | 850 |
| 2º                                   | Kayak Tudense             | 840 |
| 3º                                   | Náutico Rodeira de Cangas | 831 |
| 9º                                   | <b>Breogán do Grove</b>   | 642 |



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92



# Resultados regatas nacionais

Na competición nacional tivemos unha destacada actuación e mesmo chegamos a superar as previsións que nos fixeramos a principio da temporada.

O Terceiro posto final na VIII Liga Nacional de Piragüismo fai que sexamos, xunto coas Torres de Catoria, os únicos clubs de España que acabaron no podium ao remate de todas as edicións disputadas da liga española.

A mellor clasificación das copas de España, como vén sendo habitual, acadámola na XVIII Copa de España de Pista, onde o noso equipo acadou o Subcampionato. Na Copa de Promoción acabamos na sétima posición mentras que na Copa de Ríos e Travesías fomos trixésimosextos (só acadamos a dúas regatas) e na Copa de España de Kaiak de Mar rematamos vixésimos sétimos, despois de acudir a unha soa regata puntuable desta competición.

No tocante a títulos, destaca o Primeiro posto, compartido co Kayak Tudense, no Campionato de España "Master" xuvenil-cadete. O título foise para Tui atendendo ás normas que rixen o desempate neste tipo de regatas.

Asimesmo acadouse o Terceiro posto no Campionato de España de Pista Senior; fomos cuartos no Campionato de España "Master" Senior e Quintos no Campionato de España de Inverno.

A actuación individual dos nosos palistas foi magnífica pois nas Regatas Nacionais e Campionatos de España acadaron un total de 45 medallas: 18 medallas de ouro, 16 medallas de prata e 11 medallas de bronce. Cabe destacar tamén que destas 45 medallas de nivel nacional, seis foron acadadas por palistas da categoría infantil.



## CLASIFICACIONES NACIONAIS

| VIII LIGA NACIONAL DE PIRAGÜISMO |                                  |     |
|----------------------------------|----------------------------------|-----|
| 1º                               | Escuela Piragüismo Aranjuez      | 765 |
| 2º                               | As Torres de Catoira             | 701 |
| 3º                               | <b>Breogán do Grove</b>          | 697 |
| 4º                               | Náutico Firrete                  | 687 |
| 5º                               | Piragüismo Illa de Arousa        | 646 |
| 6º                               | Asociación Deportiva Pinatarense | 645 |
| 7º                               | Kayak Tudense                    | 626 |
| 8º                               | Iberdrola-Caja España Zamora     | 622 |
| 9º                               | Ría de Aldán                     | 620 |
| 10º                              | Náutico de Sevilla               | 591 |

ata máis de cen clubs

| XVII COPA DE ESPAÑA DE PISTA |                              |     |
|------------------------------|------------------------------|-----|
| 1º                           | Kayak Tudense                | 420 |
| 2º                           | <b>Breogán do Grove</b>      | 361 |
| 3º                           | Iberdrola-Caja España Zamora | 361 |

ata 87 clubs

| XVIII COPA DE ESPAÑA DE RÍOS E MARATÓN |                             |     |
|----------------------------------------|-----------------------------|-----|
| 1º                                     | Escuela Piragüismo Aranjuez | 370 |
| 36º                                    | <b>Breogán do Grove</b>     | 87  |

Só acadamos a dúas das seis regatas

| VIII COPA DE ESPAÑA DE KAIK DE MAR |                         |     |
|------------------------------------|-------------------------|-----|
| 1º                                 | R.C.N. La Palma         | 294 |
| 27º                                | <b>Breogán do Grove</b> | 40  |

Só acadamos a unha das cinco regatas

| VIII COPA DE ESPAÑA DE PROMOCIÓN |                             |     |
|----------------------------------|-----------------------------|-----|
| 1º                               | Escuela Piragüismo Aranjuez | 395 |
| 2º                               | Náutico Firrete             | 373 |
| 3º                               | Piragüismo Illa de Arousa   | 368 |
| 7º                               | <b>Breogán do Grove</b>     | 336 |

ata 73 clubs



# HABITAT

## Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03  
36980 O GROVE



ARAC  
Especialistas en  
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz III

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •  
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra





# Mellorando servizos, grazas ás axudas

Un ano máis, dende a Xunta Directiva presentamos numerosas solicitudes de axudas ás distintas administracións e, tamén, aos diferentes estamentos dentro destas administracións.

Algunhas solicitudes, sobor de todo as relacionadas coas nosas actividades deportivas, son informadas favorablemente e concedennos axudas, grazas ás cales podemos seguir tirando para adiante.

Hai outras que nos denegan ou que nin sequera nos contestan. Con todo, este ano acabamos de recibir unha boa nova ao comunicarnos a aprobación da concesión dunha axuda dende a Consellería de Traballo. Estas axudas adícanse ao fomento de emprego a través dos programas de cooperación e nesta ocasión concedéronnos unha axuda para a contratación dunha persoa durante nove meses.

Para esta solicitude tivemos que presentar un proxecto cos servizos a realizar, proxecto que denomi-

namos “Captación, iniciación e perfeccionamento no deporte da piragua. Para rapaces e rapazas de categorías infantil e alevín”.

Despois de seguir os trámites oficiais especificados nesta axuda, a persoa que vai levar adiante este traballo é Ruth Otero Triñanes, que entre outras cousas loce no seu currículo o título de Psicóloga Deportiva e conta cun amplo historial no mundo do piragüismo. Ruth, ademais de levar este proxecto adiante por diversos colexios, colaborará con Marcelino Cacabelos na atención aos rapaces das categorías da base.

Ao mesmo tempo botará unha man na oficina do club e por iso podemos fixar dous días de atención aos socios. Nestes días, que serán os mércores e venres de 11 a 13 horas, os/as socios/as poderán achegarse á oficina que temos no Pavillón de Deportes Náuticos para preguntar ou solicitar o que desexen, incluso para comprar a Lotaría que xoga a nosa entidade.

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Promoción do Emprego

  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE invierte no teu futuro"

  
C. MARTÍN, DEPORTIVO  
E CULTURAL  
**BReOGAN**

Programas de Cooperación Xunta de Galicia.  
Outras Administracións e Entidades

**obra/servizo :**

**PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE DE PIRAGUA**

PROGRAMA DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA **C.M.D.C. BREOGÁN**



## acquariumgalicia

